

Personaxes

- Narrador/a
- Político/a 1 e 2
- María Cristina (muller Fernando VII).
- Rei Amadeo de Savoia
- Isabel II (de maior)
- Presidente da República.
- Xeneral/a revolucionario/a.
- Afonso XII

[En escena, aparece María Cristina cunha boneca con coroa de raíña, actuando de rexente da súa filla Isabel II]

Narrador/a:

-Ao morrer Fernando VII, a súa filla Isabel era só unha nena. Como era moi pequena para gobernar, a súa nai, María Cristina, gobernou no seu lugar como rexente.

Escena

María Cristina *[cunha perruca co cabelo branco]:*

-Ai! como medra esta cativiña!

[Isabel II xa adulta, discutindo con políticos.]

Narrador/a:

-Isabel medrou e fíxose raíña, pero os tempos estaban revoltos...

[Isabel maior entra coas mans na cabeza, estresada. Políticos discuten detrás.]

Político 1:

-A monarquía non funciona!

Político 2:

-Necesitamos unha república!

[Entra un xeneral revolucionario cun cartel no que se le "Viva a liberdade".]

Xeneral revolucionario:

-Viva a liberdade e a república! Basta xa! A xente está farta! Comezamos a "Revolución gloriosa". Fóra a raíña!

Isabel II: *[cansa]*

-Isto é un lío! A ninguén lle gusta o meu reinado... Boa sorte co que veña despois! *[Isabel II marcha triste]*

Narrador/a:

-Comeza así o Sexenio Revolucionario: seis anos cheos de experimentos políticos, cambios, e ata un rei que non era español.

[Dous políticos falan ao mesmo tempo, e discuten confusos.]

Político 1:

-Proba con rei italiano!

Político 2:

-Mellor unha república outra vez!

Narrador/a:

-Todo era un caos...

Político/a 1:

Temos que buscar un novo rei!

Político/a 2:

-Mais que non sexa español...

Políticos/as 1 e 2: *[con xesto de ter feito un grande descubrimento]*

-Así será neutral!

[O Político/a 1 e o 2 danse a man efusivamente e marchan contentos]

Narrador/a:

-E así trouxeron a un rei italiano: Amadeo de Savoia.

[Entra Amadeo, elegante, mirando todo con sorpresa.]

Amadeo:

-Ola... Eu son Amadeo I. Encántanme os retos... pero isto é demasiado.

[Detrás del, os políticos discuten sen parar. Cidadáns protestan de novo.]

Narrador/a:

-Ninguén o deixaba gobernar: había moitos partidos políticos, guerras en varias rexións... Un verdadeiro lío!

Amadeo: *[moi canso]*

-Sabedes que? Eu marcho. Isto non hai quen o arranxe. Ciao!

Narrador/a:

-Sen rei, decidiron probar algo novo: unha República.

[Entra un Presidente da República, moi apurado e rodeado de papeis.]

Presidente:

-Agora somos unha República! Democracia para todos!

(Outros personaxes berran cousas diferentes: "Queremos monarquía!" "Mellor unha república federal!" "Máis impostos non!")

Desenlace

Narrador/a:

-Pero había tantos problemas que a República tampouco durou moito... e no 1874, cansos de tanto cambio, decidiron restaurar a monarquía. Chamaron ao fillo de Isabel II: Afonso XII.

Afonso XII:

-Vouvos traer paz e orde, mais sen liortas, eh?

[Os políticos asenten. Os cidadáns míranse con escepticismo e aplauden con tímido entusiasmo.]

Narrador/a:

-Así comeza a Restauración Borbónica en España. A historia é unha viaxe... e nós acabamos de rematar unha ben movida!

Atrezzo

- Boneca con coroa de raíña feita con papel.
- Cartel con slogan "Viva a liberdade"
- Unha mesa chea de papeis desordenados.



"ESCENA III. Unha viaxe ben movida", do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)